

- **Que é a renda familiar per cápita?**: renda familiar dividida entre o número de membros da familia computables.
- **Cálculo da renda familiar**: casilla 392 + casilla 405 / nº de membros da ud. Familiar.
- **Caes son os membros da unidade familiar** (situación ata o 31 de decembro de 2016):
  - Pais non separados legalmente.
  - Pais, non casados, que convivan.
  - Fillos menores de idade non emancipados.
  - Fillos maiores de idade con discapacidade suxeitos a patria potestade.
  - Fillos solteiros menores de 25 anos que convivan ata o 31/12/2016.
- x *Os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33% computa por dous (tamén se percibe unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grave invalidez)*

#### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- **Anexo I e Anexo II** (a vosa disposición na web da Consellería, na secretaría do centro, na web do centro, na aplicación FondoLibros e na sede electrónica da Xunta de Galicia).
- Copia do **Libro de Familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- **Certificado de discapacidade** de calquera membro computable da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- No caso de violencia de xénero, documentación que o acredite.
- ➔ Farase a **consulta electrónica** dos seguintes datos: DNI, Declaración da Renda, percepción da pensión por incapacidade permanente, total, absoluta e grande invalidez e grao de discapacidade recoñecido pola Xunta.
- ➔ Familias con máis dun fillo matriculado no mesmo centro, realizarán unha única solicitude. Agás se presenta a solicitude por vía electrónica.
- ➔ Nesta convocatoria pódese presentar a solicitude por vía electrónica empregando calquera dos mecanismos admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo a Chave 365.

Castro de Rei, 21 de Maio de 2018

A directora,

  
Beatriz González Blanco

